

Cando o actual sumo pontífice Beito XVI fala do perigo da relativización das ideas e dos valores, corremos o risco de non considerar realmente as súas palabras por ser el xustamente quen as pronuncia. Porén, e malia non coincidir cos presupostos do papa, non podemos negarlle unha parte de razón porque, a pouco que observemos, decatáremonos de que as ideas e mais os valores (moral, ética, solidariedade) están á baixa nese mercado que é a vida a comezos do século XXI. Xa non hai esperanza nun mundo mellor, por utópico que sexa, e, en consecuencia, faltan folgos para avanzar nese camiño.

Hoxe está a imperar nos negocios un nihilismo que abomina de calquera consideración moral. Hoxe esquecemos a falta de liberdades na China e apenas hai trinta anos puñamos a caer dun burro a calquera que negociase co Chile pinochetista. Mais resulta que nos nosos días a economía chinesa fabrica case todo o que consumimos e merca boa parte da débeda que nos permite manter certos niveis de benestar social.

O concepto de intelectual como persoeiro comprometido coa súa sociedade e o seu progreso apareceu con Émile Zola e o seu manifesto *Eu acuso!* en defensa de Dreyfuss, cando Clemenceau -xornalista de *L'Aurore*, onde se publicou, e autor do título- se referiu a "eses intelectuais". A expresión pasou ao léxico común decontado.

A partir de Zola moitos foron os escritores, pensadores, pintores e artistas en xeral que deixaron as torres de almasí para coller compromiso con causas ideolóxicas, mesmo conservadoras, mais progresistas -nin que fose en aparencia- as máis das veces. E se coa Primeira Guerra Mundial o papel dos intelectuais -contra a contenda- quedou neutralizado polos nacionalismos dos países belixerantes, a revolución soviética en 1917 sería incomprensible sen o apoio de numerosos artistas como Málevich, Ródchenko, Kandinsky, Tatlin, Chagall ou Gorka.

A proclamación da República en España e a posterior Guerra Civil tamén mobilizaron o compromiso de moitos intelectuais, os máis a prol da legalidade da Fronte Popular. Alén dos artistas vencellados á Alianza de Intelectuais Antifascistas, houbo pensadores católicos -como o filósofo Jacques Maritain ou o escritor Georges Bernanos- que denunciaron desde o humanismo as crueldades do bando franquista. Exemplo activo do compromiso activo foi o



Predicar no deserto

Intelectuais en extinción

JOAQUIM VENTURA

de André Malraux, enrolado como aviador ao servizo da República, para rachar o bloqueio da non intervención.

Coa aparición do novo imperialismo liderado polos Estados Unidos de América produciuse unha polarización en defensa dos dereitos dos pobos aínda que ás veces fose a costa de dar apoio -crítico ou aberto- á Unión Soviética. E realmente poucos foron os que tiveron valentía dabondo para censurar as ditaduras comunistas dende

"dentro". Un deles foi André Gide, homosexual que loitou contra o tabú da opción de sexo, quen desde as súas simpatías comunistas non dubidou en criticar a política estalinista.

Francia foi, con certeza, o país que deu máis intelectuais comprometidos. Os dous referentes -opostos ata certo punto entre eles- foron Jean-Paul Sartre e André Camus. O primeiro segue a ser referencia obrigada malia que, ollado con perspectiva, chegou tarde. Cando a es-

querda dogmática ía en retroceso, coa súa caída imparable desde os feitos de maio de 1968, Sartre colleu o camiño do esquerdismo, esquecendo a admonición leninista como doenza infantil do comunismo. Camus fixo o camiño inverso: desde a ideoloxía granítica da esquerda resistente a prol da grandeza de Francia pola vía da cultura aínda que fose ao servizo do gaullismo.

Desapareceron R. Aron, M. Foucault ou P. Bordieu. Como

desapareceran antes T. Adorno, H. Marcuse ou H. Arendt. Quedan ben poucos intelectuais con capacidade de interpretar o mundo e asemade un compromiso ético, entre eles Jürgen Habermas. Mais hoxe optar polo compromiso sería como predicar no deserto: apenas hai masa cidadá dabondo para promover un cambio social. Como moito pode optar pola resistencia fronte a ofensiva do capitalismo financeiro, o verdadeiro dono do mundo. Porque non esquezamos que no tránsito da economía produtiva (transferida a Asia) á economía especulativa tamén se perderon os valores que gobernaban á propia burguesía.